



## Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de entrega da Medalla do Parlamento de Galicia 2022

Parlamento de Galicia, 6 de abril de 2022 / 11,00 h.

- Presidente da Xunta de Galicia,
- Galardoados coa Medalla do Parlamento de Galicia,
- Xeneral xefe do Mando de Apoio á Manobra,
- Expresidentes do Parlamento,
- Vicepresidente primeiro, conselleiras e conselleiros da Xunta de Galicia,
- Membros da Mesa, portavoces, deputadas e deputados,
- Fiscal Superior de Galicia.
- Ex Valedores do Pobo e Ex Conselleiros Maiores de Contas,
- Reitores das Universidades de Santiago e A Coruña,
- Autoridades e representacións,
- Señoras e señores:

Moi bo día ás persoas que nos honran coa súa presenza neste acto de entrega da Medalla do Parlamento de Galicia ás institucións estatutarias de Galicia, ao tempo que saúdo cordialmente a cantos nos seguen a través da Televisión de Galicia, a Radio Galega ou a través da web do Parlamento de Galicia.

Diciamos no ano pasado, con ocasión dun dos actos conmemorativos do 40 aniversario da autonomía de Galicia, que ao ollarmos o camiño percorrido nestas catro décadas de autogoberno podemos afirmar, con pleno convencemento, misión cumprida:

- Por termos edificado, a partir do pacto constitucional e co concurso de todos, unha democracia plena.
- Por xestionar a autonomía con “sentidiño”, sen máis obxectivo que servir ás galegas e aos galegos, buscando puntos de encontro fronte á política do desencontro tan frecuente noutras latitudes.

Mais nada disto é froito do azar nin da improvisación.

Ao longo destes 40 anos, Galicia foi quen de erixir unha sólida estrutura normativa e institucional sobre a base, primeiro, da Constitución de 1978, e, despois, sobre o Estatuto de Autonomía de 1981. Sen atallos nin promesas ilusorias; con seguridade



xurídica e cun crecente apoio da cidadanía, consecuencia dunha xestión acaída ás necesidades de cada momento, co sentidiño que caracteriza galegas e galegos.

Nada disto tería sido posible sen o traballo silencioso de homes e mulleres comprometidos coa democracia, coa autonomía e coa procura do ben común.

Homes e mulleres como Xosé Cora Rodríguez, primeiro valedor do pobo de Galicia; Carlos Otero Díaz, primeiro conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia; ou como Ramón Piñeiro López, primeiro presidente do Consello da Cultura Galega, que traballaron sen desmaio, xunto cos equipos de entón e os que se foron configurando ata o día de hoxe, para construír e consolidar a arquitectura institucional da Comunidade Autónoma alén das competencias propias do poder executivo.

O Valedor do Pobo, o Consello de Contas e o Consello da Cultura Galega, as tres institucións estatutarias —así denominadas por estaren recollidas no propio Estatuto de Autonomía— constitúen o complemento imprescindible para garantir o correcto funcionamento de calquera sistema democrático.

- Refírome á defensa dos dereitos fundamentais, individuais e colectivos, e das liberdades públicas que o noso ordenamento xurídico recoñece á cidadanía e que unha lei deste Parlamento atribuíu ao Valedor do Pobo en 1984. Competencias de capital transcendencia, reforzadas posteriormente cando a esta institución se lle atribuíron competencias de comisionado autonómico de transparencia.
- Refírome á fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable dos ingresos e gastos da Administración autonómica que ten encomendada o Consello de Contas desde a súa creación por unha lei de 1985, reformada en tempos recentes para reforzar o ámbito competencial deste órgano en materia de prevención da corrupción, un mecanismo novidoso que, máis unha vez, provocou que moitas miradas se pousasen en Galicia polo acerto dunha medida que o tempo está corroborando.
- E refírome tamén ao papel proactivo do Consello da Cultura Galega, creado pola Lei 8/1983 deste Parlamento, que desde entón laborou con paixón, como órgano asesor e consultivo, na defensa e promoción dos valores culturais de Galicia, valores materiais e inmateriais que nos definen como pobo, e que temos o deber de preservar e promocionar, agora e sempre.



Valedor do Pobo, Consello de Contas e Consello da Cultura Galega alzáronse, ano tras ano de traballo, de rigor e de entrega, en puntais básicos da autonomía galega, á que contribuíron e contribúen a consolidar cada xornada.

Así llelo queremos recoñecer desde o Parlamento de Galicia a través do acordo unánime adoptado pola Mesa da Cámara.

Pechamos con este acto a conmemoración das catro primeiras décadas da autonomía galega; 40 anos de luces, e tamén algunhas sombras; 40 anos de ledicia, e tamén de tristura infinda como a que en datas recentes nos apesadou por mor da pandemia da covid-19, o naufraxio do pesqueiro *Villa de Pitanxo* —unha aberta agarimosa para a gran familia do mar— ou a recente guerra de Ucraína, que parte a alma a calquera persoa de boa vontade.

O escritor chileno Roberto Ampuero recórdanos coa súa aguda capacidade reflexiva —froito da propia experiencia persoal narrada en volumes memorables— que «Non hai nada que se pareza máis a unha ditadura de dereita que unha ditadura de esquerda; non hai nada máis parecido ao fascismo que o comunismo, nada máis parecido ao hitlerismo que o estalinismo. Para o cidadán corrente, as ditaduras son todas iguais. Non hai ditaduras boas nin xustificables. Todas son perversas e nocivas, inimigas do ser humano e da liberdade».

Palabras que rebordan sentido común e que todas e todos compartimos, porque tamén en España e en Galicia sabemos o que foi unha ditadura.

Precisamente por iso temos a obriga de fortalecer a democracia, cadaquén desde as súas responsabilidades, en todos os ámbitos.

Alén doutros factores que non vén ao caso referir, o conflito bélico desatado no flanco leste de Europa, ás portas da casa común europea, agocha un transfondo no que poucas veces reparamos: a xente ten fame de democracia e poucos escenarios causan máis rexeitamento que a ameaza de perder a liberdade gañada con tanto esforzo e despois de tantos anos de opresión.

Realidades como a democracia plena que garante dereitos e liberdades, o libre mercado, o respecto ás minorías e á diversidade, ou as prestacións do estado de benestar conforman unha arela indestrutible, que xamais poderá borrarse, nin con bombas, nin con represión, nin con censura ningunha.

Señoras e señores: sei ben que non sempre fomos conscientes do privilexiados que somos e que fomos por vivir en paz e cunha calidade de vida que foi a máis xeración tras xeración.



Faremos ben en enorgullecernos do que somos e do que fomos e, neste momento de dificultades, procurar inspiración nas xestas protagonizadas polos nosos antepasados, con medios precarios e infinitas dificultades, como a Expedición Filantrópica da Vacina, capitaneada por Balmis.

Refírome á primeira campaña de vacinación internacional, que saíu da Coruña en 1803 e acadou un éxito notable grazas ao bo facer dunha galega, Isabel Zendal, a primeira enfermeira da historia en misión internacional, como ben sabe a presentadora deste acto, María Solar, que novelou a proeza baixo o título *Os nenos da variola*.

Unha historia sempre inspiradora, e máis neste momento de saída —agardemos que definitiva— dunha pandemia na que as vacinas volveron desempeñar un papel determinante.

Parabéns aos galardoados coa Medalla do Parlamento de Galicia 2022, ás persoas que recibiron a medalla e a todo o equipo humano que traballou e traballa con eles e cos seus predecesores.

A medalla é un recoñecemento, mais tamén un estímulo que os obriga —e non fai falta dicilo, porque os coñezo— a seguir mantendo ben alto o seu compromiso con Galicia e coas galegas e os galegos.

Porque, como escribiu Florencio Delgado Gurriarán, homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano, «Galicia é o primeiro. Galicia debe estar por riba de todo no noso corazón, no noso pensamento e nas nosas accións».

Que así sexa!

Moitas grazas!